Guía Didáctica

Orientacións para o profesorado

1. - INTRODUCIÓN:

"Planet Earth" é unha unidade didáctica creada por Juan Bautista Ramos Saíñas durante un período de licenza por estudos, modalidade 1, concedida pola consellería de educación da Xunta de Galicia.

Destinatarios: centrada nos contidos propios de 1º da ESO, serve como consolidación e/ou introdución a novos coñecementos sobre os temas aquí tratados.

Areas, contidos e competencias básicas: abrangue contidos propios das áreas de Lingua Inglesa, Ciencias Sociais e Literatura. Na unidade trabállanse as catro destrezas necesarias para a adquisición dunha lingua estranxeira (Reading, Writing, Listening e Speaking) así como conceptos máis propios de temas transversais como o traballo en equipo.

Esta unidade pretende contribuír á adquisición das seguintes competencias clave:

- ***Comunicación Lingüística**:* o conxunto das actividades interactivas e multimedia presentes nesta unidade van encamiñadas a mellorar as 4 destrezas da aprendizaxe da lingua inglesa.
- ***Competencia dixital:*** a unidade preséntase en formato dixital e require do alumnado aprender a manexarse cunha certa soltura.
- ***Competencia social e cívica:*** expresando as propias ideas e escoitando as alleas tanto no traballo cooperativo como na Miniquest. Esta competencia favorece tamén a comprensión da realidade histórica e social do mundo.
- ***Conciencia e expresións culturais:*** Fai referencia á capacidade para apreciar a importancia da expresión a través da música e da literatura.
- ***Aprender a Aprender***: o subapartado “Guide” dentro de “Grammar”, pretende que o alumnado a use como boa práctica de aprendizaxe.
- ***Autonomía e iniciativa persoal:*** responsabilizándose da elaboración das tarefas e proxectos propostos na unidade xa sexan individuais ou colectivos con confianza, creatividade e sentido crítico.

A unidade divídese en 9 apartados fundamentais:

- GRAMMAR: Nesta unidade traballaremos coa diferenza entre nomes contables e incontables..
- SONG: Con esta actividade “lúdica”, refórzase a estrutura gramatical aprendida.

- VOCABULARY: Continents
- WEB TASK: O continente perdido: a Atlántida
- EXTRA-CURRICULAR: O planeta terra
- SPECIAL DATES: World Ocean Day
- CELEBRITIES: Cristobal Colón
- FUNCTIONS: Invitacións
- CITIES: Melbourne

Ámbito: baséase fundamentalmente no uso do ordenador cun navegador web recente como Mozilla Firefox, Chrome, Opera, Maxthon ou Safari como soporte básico de toda a unidade, aínda que tamén se presentan propostas concretas nalgunha actividade para o seu desenvolvemento no caderno do alumno ou outros soportes que o docente estime oportuno. Só hai un paquete de actividades ("speech recognition") que funciona unicamente en Chrome ou en Maxthon.

Temporalización: pensada para aproximadamente tres semanas. Dada a organización máis habitual dos contidos do primeiro curso da ESO, esta unidade sería a penúltima do curso. Non obstante teña presente que calquera dos seus apartados poden constituír un recurso independente e doadamente integrable na súa propia organización.

Interface: moi sinxela, baseada nun menú despregable, situado na parte superior, dende o cal se pode acceder a cada un dos distintos apartados cun simple clic. Prestouse especial atención a que, nas actividades que puidesen requirir dun enlace externo, xa sexa a unha páxina de consulta ou ben a material embebido como poden ser as cancións, aparezan sempre nunha segunda ventá de forma que poida ser minimizada, realizar a consulta oportuna, ou reproducir / parar e volver ás actividades.

A continuación ten unha descrición dos apartados presentes nesta Unidade Didáctica:

1.- GRAMMAR:

O tema de gramática desta unidade é o Pasado Simple

1.1 Guide Simple Past:

Guía didáctica para entender as diferentes formas afirmativa, negativa e interrogativa do pasado simple. No exemplo inferior, vemos como se pronuncia a terminación –ed nos verbos regulares. Fíxese que cada verbo vai acompañado dun pequeno altofalante para que poida escoitar o son dese verbo pronunciado.



PLANET EARTH

Unit 8

Start | Grammar | Song | Vocabulary | Web Task | Extra-curricular | Special Dates | Celebrities | Functions | Cities

There are three different ways to pronounce the 'ed' ending of regular verbs in the simple past tense: /ɪd/, / t / or / d /. The pronunciation depends on the sound at the end of the infinitve of the main verb and whether it is voiced or not.

/Id / infinitives that end in the sounds /t/ or /d/	/ d / infinitives that end in a voiced sound (except "d")	/ t / infinitves that end in an unvoiced sound (except "t")
Decided /dɪˈsaɪdɪd/	B .- Rubbed /rʌbd/	P.- Shopped /ʃɒpt/
Divided /dɪˈvaɪdɪd/	G.- Damaged /ˈdæmɪdʒd/	K.- Picked /pɪkt/
Ended /ˈendɪd/	L.- Followed /ˈfɒləʊd/	F.- Sniffed /snɪft/
Folded /ˈfəʊldɪd/	M.- Claimed /kleɪmd/	GH (=/f/)- Laughed /lɑːft/
Needed /ˈniːdɪd/	N.- Cleaned /kliːnd/	SH .- Washed /wɒʃt/
Hated /ˈheɪtɪd/	R.- Ignored /ɪgˈnɔːd/	CH.- Watched /wɒtʃt/
Dated /ˈdeɪtɪd/	V.- Lived /lɪvd/	X.- Fixed /fɪkst/
Seated /ˈsiːtɪd/	Z.- Buzzed /bʌzd/	SS.- Kissed /kɪst/
Waited /ˈweɪtɪd/	TH (=/ð/).- Breathed /briːðd/	C.- Danced /dɑːnst/
Wanted /ˈwɒntɪd/	VOWELS:- tried /traɪd/	TH (=/θ/).- Earthed /ɜːθt/

Este apartado é para o alumnado unha guía de estudo do pasado simple, e ao profesorado apórtalle unha serie de recursos para explicar as características desta forma verbal dende un ordenador, ben usando un proxector ou ben utilizando un taboleiro dixital como apoio para a explicación..

O botón “N” permítenos “agochar” as palabras en negriña que son as palabras chave para ver se o alumnado entendeu a explicación ou para a propia autoaprendizaxe.

1.2 Mind map:

Outra ferramenta máis para facilitar a aprendizaxe. Neste mapa conceptual amósase de xeito visual a formación de verbos irregulares mediante a asociación de verbos en función da formación. Basta con pasar o rato polos botóns da esquerda e inmediatamente veremos no espazo da dereita os verbos irregulares que se forman dese xeito. Fíxese na imaxe:



Ao pasar o rato polo botón “-a, -u”, este cambia de cor, e na parte da dereita aparecen os verbos irregulares que o alumno ou alumna debe coñecer e que forman o seu pasado coa letra “-a” e o participio coa letra “-u”.

1.3 Activities:

Paquete con once actividades para traballar coas diferentes formas do pasado simple: O pasado dos verbos regulares, as formas irregulares, a negativa e a interrogativa:



.

O alumnado pode en todo momento "moverse" polas distintas actividades que forman o grupo, ben a través do "índice de actividades" (números na marxe superior esquerda), ben a través das frechas de "seguinte/anterior" (na parte inferior dereita e esquerda). É importante ter en conta que, en calquera momento de execución deste grupo de exercicios interactivos, podemos obter un informe de avaliación do traballo desenvolvido, "**auto avaliación**", pulsando sobre o botón gris da esquina superior esquerda. Ten máis información sobre os paquetes de actividades no documento "**Manual do Usuario**".

Ao premer na auto-avaliación, podemos observar o número de intentos que realizou o alumnado, se rematou a actividade con éxito, cantos intentos precisou e os puntos obtidos. Se poñemos o cursor enriba do número aparecerá unha subtáboa, dándonos máis detalles desa actividade concreta. Pode solicitar que o alumnado faga unha captura de pantalla cos resultados e que lla envíe, ou ben pode crear o seu propio control de usuarios e usalo cos paquetes de actividades propostos. Dese xeito, sempre e cando as actividades estean aloxadas nun servidor web, vostede terá acceso en todo momento a ese informe:

1.4 Listening:

Paquete con 4 actividades diferentes para traballar a destreza de comprensión oral en relación co aspecto gramatical da unidade:



1.5 Writing:

A proposta neste caso é que o alumnado conte que fixeron o fin de semana anterior. Para que a composición quede gardada e o docente teña rexistrado o traballo do alumnado e poida corrixilo cando estime, facemos uso dunha das potencialidades que nos ofrece Ardora que é as “páxinas en servidor”.

O primeiro que debe facer o alumnado é identificarse co nome de usuario e contrasinal que lle foi facilitado:



Unha vez identificados, ábrese unha páxina que inclúe un procesador de textos que nos permite darlle o formato que estimen oportuno a ese texto:



Só quedaría premer na casiña de verificación da parte inferior dereita para que o traballo quede gardado e rexistrado e o profesorado poida posteriormente acceder a el e corrixilo.

1.6 Pronouncing -ed:

Paquete con tres actividades para traballar a diferenza na pronunciación da forma –ed da terminación do pasado simple nos verbos regulares:



1.7. Speech Recognition:

Este paquete con 3 actividades está pensado para a mellora da produción oral e da pronunciación. Polo momento os únicos navegadores que soportan este tipo de actividades son Chrome e Maxthon, polo tanto para realizar estas 4 actividades precisa un destes dous navegadores. Ademais debe darlles permiso para usar o micrófono (no documento técnico ten máis información ao respecto). Na actividade do exemplo, o alumnado debe pronunciar correctamente a forma de pasado destes verbos regulares. Se cre que é a correcta debe premer na interrogación para comprobalo. Se é incorrecta pode volver a premer no micro e seguir intentándoo.

1.7. Speaking:

Este exercicio pretende contribuír á adquisición da destreza de produción oral. A proposta neste caso é "descubrir" unha serie de "conversation cards" e responder a pregunta que lles toque:

2.- SONG:

O alumnado deberá escoitar a canción “I will Survive" de Gloria Gaynor, na versión de “Hermes House Band”, para traballar a destreza de “listening” e ao mesmo tempo reforzar a estrutura gramatical vista con anterioridade: O pasado simple.

2.1 Video

Premendo nesta opción accedemos ao vídeo embebido coa canción.

2.2 Activities

Ábrese nunha ventá emerxente un paquete con 8 actividades para traballar coa letra da canción, facendo fincapé no uso do pasado simple.



3.- VOCABULARY: Continents

3.1.- Guide.

Premendo neste enlace ábrese unha guía didáctica co vocabulario a traballar, “continents”, e información sobre cada un dos continentes .

3.2.- Continents.

Dez actividades interactivas diferentes para traballar o vocabulario da unidade e a localización xeográfica dos continentes:



.

3.3.- Listening.

Paquete con catro actividades interactivas para traballar a comprensión oral relacionada co vocabulario da unidade:



3.4 Writing:

A proposta neste caso para traballar a produción escrita é escribir unha composición sobre o continente que o alumnado desexaría visitar. Este exercicio está montado cunha páxina en servidor para que que quede constancia do traballo. Tras identificarse, terá acceso a unha páxina onde pode escribir o seu ensaio e darlle formato coa barra de ferramentas dispoñibles:



3.5 Speaking:

A proposta neste caso é que o alumnado prepare un monólogo de 2/3 minutos onde se propón dar unha viaxe ao arredor do mundo, e o alumnado debe mencionar que lugares ou monumentos de cada continente vai visitar.

Inclúese unha ligazón ao xestor de arquivos xa visto noutras unidades para que poida subir aí a audición e o profesorado poida dese xeito corrixirlle aspectos gramaticais e de pronunciación antes da exposición final na clase.

4.- WEB TASK:

Dende este apartado inténtase motivar ao alumnado na realización de tarefas en grupo, realizando unha aprendizaxe construtiva e baseándonos en información dispoñible na web. Neste caso levaremos a cabo unha Miniquest que terá como obxectivo final que os/as alumno/as investiguen sobre o mito da Atlántida, o continente perdido..

4.1.- Miniquest

O alumnado debe elaborar cos recursos proporcionados unha presentación coa información requerida. Os recursos xa están seleccionados para evitar confusas pescudas e proporcionan exactamente a información que queremos que lean, e non só a páxina principal dun sitio que os podería levar a perder demasiado tempo e enerxía. Asemade, no apartado "Evaluation" facilítanse os criterios sobre os cales o alumnado será avaliado.

4.2 File Manager:

Este xestor de ficheiros permítelle ao alumnado aloxar "na nube" os ficheiros que lles sexan solicitados, neste caso o producto da webquest.

Primeiro de todo deben identificarse co nome de usuario/a e contrasinal que lles foi facilitado:

A continuación entrará nun sistema de ficheiros moi doado de usar:

Antes de nada debemos (como profes e como alumnos) crear un cartafol onde subir os arquivos. Para iso, prememos neste botón:

A continuación ábrese unha ventá emerxente que permite poñerlle nome ao cartafol

Só nos quedaría premer no botón verde, e o noso cartafol estará creado:

Como observamos nesta imaxe, o cartafol está creado (círculo azul).

Agora só queda subir arquivos a ese cartafol, para iso prememos na frecha sinalada na parte inferior da imaxe:



Logo de premer na frecha, ábrese un explorador de arquivos que nos permite escoller o arquivo que queremos subir:



Ao premer no botón verde de validar, vemos que que xa está incorporado o arquivo:

5.- EXTRA CURRICULAR: Planet Earth.

Dende este apartado inténtase fomentar a interdisciplinariedade. Neste caso, tocamos o sistema dixestivo en relación coa asignatura de ciencias sociais.

5.1.- Guide:

Guía didáctica sobre o planeta terra: Características, representación, paralelos e meridianos, latitude e lonxitude e zonas horarias.



5.2.- Planet Earth:

Trece actividades interactivas para traballar as características do planeta terra expostas na guía do punto anterior:



5.3 Listening:

Paquete con catro actividades interactivas para traballar a comprensión oral do tema exposto.



5.4.- Writing.

A proposta neste caso é que o alumnado responda a unha serie de preguntas sobre as diferentes zonas horarias do mundo e suba as respostas ao xestor de arquivos explicado con anterioridade para que o profesorado poida corrixilo.



Fíxese que ao premer na imaxe esta vira ao fronte alargada para que poida ser visualizada correctamente.

5.5.- Speaking.

Facendo uso da potencialidade da ferramenta “zoom” que nos proporciona Ardora, o alumnado debe percorrer o mapa de cidade e intentar imaxinar que representan cada un dos símbolos no mapa. Movendo o cadrado do gráfico da dereita aparecerá aumentada no gráfico da esquerda a imaxe:



5.6 Collaborative task:

A proposta de traballo cooperativo neste caso, é que o alumnado investigue na rede sobre a latitude e lonxitude das principais cidades do mundo. Ao premer no botón da parte inferior dereita, aparecerán as opcións da imaxe da dereita.



A continuación debe premer no botón da parte superior para identificarse co nome do usuario e contrasinal facilitado polo seu profesor ou profesora.



Verá que as opcións que se nos ofrecen desde a parte inferior dereita aumentaron:

Desde a posición inferior temos a X que nos permite sacar a barra de opcións. O seguinte botón permítenos sair da sesión actual. O terceiro botón úsase para ver a pantalla a tamaño completo. O cuarto botón permítenos actualizar a información que hai en pantalla, e o botón co lapis permítenos editar a información que imos incluír. Prememos entón no botón de edición e ábrese a seguinte pantalla:



Aquí deben encher os campos solicitados coa cidade e as coordenadas. Nos botóns coas cores podemos escoller a cor de fondo e do borde do post-it co que quedará reflectida a información seleccionada:



6.- SPECIAL DATES: World Ocean day.

Neste apartado trabállase con datas importantes para a formación integral do alumnado en base a competencias. Seguindo coa temática da unidade, traballamos co día mundial dos océanos que se celebra cada ano o 8 de xuño.

6.1.- Guide:

Información sobre o día mundial dos océanos (8 de xuño) e datos sobre a localización e o tamaño de cada un dos océanos que permitirá realizar as actividades posteriores.

6.2.- World Ocean's Day:

Paquete con doce actividades interactivas sobre os océanos e o día mundial dos océanos:



6.3.- Sea creatures:

6.3.1 - Pictionary:

No espazo central da unidade ábrese este dicionario visual que nos permite coñecer o vocabulario das criaturas mariñas que atopamos comunmente nos océanos. Fíxese que ao premer no botón coa nota musical, ábrese un reprodutor que nos permite escoitar como se debe pronunciar o nome:



6.3.1- Activities:

Paquete con oito actividades diferentes sobre os animais que atopamos nos océanos:

6.4.- Listening:

Paquete con cinco actividades interactivas para potenciar a comprensión oral. Traballamos neste caso cos dous aspectos deste apartado: Os océanos e os animais acuáticos.

6.5.- Writing:

A proposta neste caso é que o alumnado poida resolver o exercicio de produción escrita dende unha páxina en servidor (tal e como explicamos con anterioridade nesta mesma guía), e que así lle quede constancia ao docente do traballo do seu alumnado. No exemplo, o alumnado debe reflexionar e escribir sobre a importancia dos océanos para a xente que vive na costa.

6.6.- Speaking:

Os alumnos e alumnas deben premer no botón etiquetado como “T”, e arrastrar o nome dos océanos e mares ao lugar correcto no mapa. Oralmente deben identificar que continentes toca cada un dos mares e océanos

Fíxese que ao premer nos nomes unha vez situados no mapa, temos unha serie de opcións que nos facilita cambiar o tamaño, a cor e o aspecto dese texto:



7.- CELEBRITIES: Cristopher Columbus

Neste apartado trabállase con personaxes famosos de distintos eidos, tanto no deporte, como na música, na política ou no cine. Relacionándoo co apartado de vocabulario "Continents" e co extra-curricular "Planet Earth" imos traballar con Cristobal Colón, o considerado descubridor do continente americano..

7.1.- Video:

Premendo nesta opción ábrese un vídeo embebido sobre as viaxes ao Novo Mundo de Cristobal Colón e que serven como introdución e como vocabulario base para as actividades que farán no punto seguinte.

7.2.- Cristopher Columbus:

Paquete con 9 actividades diferentes para traballar a biografía, e as viaxes de Cristobal Colón ao novo mundo.



7.3.- Writing

A proposta neste caso é que o alumnado se poña na pel nun dos mariñeiros da caravela Santa María e que faga unha entrada nun diario do que aconteceu o día 12 de Outubro de 1492.

7.4 Speaking:

Neste caso a proposta é que se imaxinen o diálogo que aconteceu entre Colón e o xefe dos indios ao desembarcar no novo mundo.

8.- FUNCTIONS: Invitations

Neste apartado trabállanse situacións cotiás. Neste exemplo, traballamos as fórmulas habituais para facer, aceptar ou rexeitar invitacions.

8.1.- Guide:

Guía explicativa sobre as frases de uso común para facer invitacions de xeito formal ou informal.

8.2.- Invitations:

7 actividades interactivas para formular invitacións:



8.3.- Listening:

Afondamos no vocabulario traballado no punto anterior, neste caso dende a perspectiva da comprensión oral, con este paquete de 2 actividades.

8.4- Writing:

Igual que vimos no apartado de vocabulario, para a sección de writing facemos uso dunha páxina en servidor de Ardora que nos permite crear o texto “online” e darlle formato e que o docente teña constancia de tal traballo. A proposta e escribir un diálogo no que se plantexe unha invitación e o outro acepte ou rexeite.

8.5.- Speaking:

Neste caso proponse unha actividade de role play en parellas.

9.- CITIES: Melbourne

Dende esta sección preténdense ampliar o coñecemento do alumnado sobre as principais cidades dos países de fala inglesa. Neste caso, Melbourne.

9.1.-Guide:

Guía didáctica que trata os aspectos esenciais (xeografía, historia, lugares de visita interesante e famosos nativos de Melbourne) para logo desenvolver as actividades sen problema.

9.2.-Activities:

Once actividades interactivas sobre a cidade de Melbourne:



Fíxese que a actividade contén unha serie de ligazóns que permitirán resolver as actividades sen problema.

9.43.-Puzzle:

Para rematar dun xeito máis lúdico esta unidade facemos este quebracabezas sobre unha imaxe do skyline de Melbourne.

Palmeira, 10 de Xuño de 2018